

Nota: este Plan TIC ,elaborado por Brais, será obxecto de avaliación na tarefa do módulo 1 a través dun cuestionario DAFO. Lembrar que é un centro imaxinado polos titores do curso.

Documento de 9 páxinas

Proposta de Plan TIC do IES do Xilgueiro



ÍNDICE

1. Análise breve do contexto social e educativo do instituto e nivel de integración das TIC.
2. Obxectivos a conquistar co desenvolvemento deste Plan cara o centro, o profesorado, o alumnado e a comunidade educativa.
3. Estrutura organizativa para levalo a cabo.
4. Infraestruturas e dotacións TIC do centro. Posibilidades e necesidades.
5. Actividades iniciais a desenvolver para promover a integración das TIC.
6. Temporalización na implementación do Plan.
7. Medidas de revisión e avaliación do Plan e da súa posta en práctica.

8. Exemplo de propostas dos Departamentos

1. ANÁLISE DO CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO DO IES DO XILGUEIRO E DE INTEGRACIÓN DAS TIC NOS PROCESOS EDUCATIVOS

INTRODUCCIÓN

O IES do Xilgueiro está situado nunha zona do rural de Galicia pero a pouca distancia dunha gran cidade, que é referente para a zona. A súa posta en funcionamento data do ano 2000 e imparte educación secundaria (dobre liña) e bacharelato. O alumnado, este curso, é de 326 rapaces e rapazas: 200 repartidos na ESO e 126 no Bacharelato. Acuden ao centro das zonas rurais próximas (vilas e parroquias) que se dedican ao sector primario (gandería, agricultura) e terciario (pequeno comercio). O profesorado do centro repártese entre un 55% con destino definitivo e que vive nas parroquias próximas e un 45% que ten destino provisional e vive na gran cidade.

REFERENTES CARA A INNOVACIÓN

Aínda que o centro ten participado en actividades e proxectos, non ten unha dinámica e compromiso continuado coa innovación educativa. Está moi centrado, normalmente, no traballo curricular exclusivamente. A formación TIC do profesorado é moi variada e aínda que un sector amplo ten coñecemento básicos de usuario, soamente dalle aplicabilidade no ámbito persoal ou para tarefas administrativas. O uso educativo das TIC é reducido, seguramente, pola falta de seguridade e dunha reflexión serena e xeral ante elas. Existen boas intencións pero poucas concreccións de

traballo educativo aproveitando as TIC

REFERENTES CARA A INNOVACIÓN TIC

De xeito individual hai profesores que utilizan unha aula TIC, previa reserva, para levar a cabo actividades ou pequenos proxectos pero non existe unha planificación xeral ou por departamentos. A nova dirección quere promover a incorporación das TIC no traballo didáctico dun xeito sistemático e pretende realizar as inversións e actuacións necesarias. Pensa que é o momento de invertir en mellorar as infraestruturas e definir un modelo de centro onde as TIC teñen unha presenza importante e que o profesorado é unha peza fundamental neste proxecto.

ANPA DO CENTRO E COMUNIDADE DE MONTES

Resaltar que a comunidade de montes está disposta a sufragar unha aula TIC multimedia con 25 postos e un encerado dixital coa condición de que nela podan ofrecerse cursos básicos de competencia dixital para os pais e nais fóra do horario lectivo.

CONCLUSIÓN

Tendo en conta estes referentes, vaise proceder á elaboración dunha proposta de integración das TIC no noso centro que sirva de motor para incorporar dun xeito reflexivo, crítico pero con rigor, as posibilidades e oportunidades que as tecnoloxías da sociedade da información e da comunicación están a ofertar. No marco da reflexión anterior consideramos que existen importantes razóns para que o noso Centro se dote dos recursos técnicos e humanos que nos permitan integrar as novas (TIC) nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e na nosa xestión administrativa. A formación do profesorado e o apoio ao mesmo para dar este salto pedagóxico é fundamental.

PLAN TIC DO IES DO XILGUEIRO

Tendo en conta os referentes anteriores, a nosa proposta é a seguinte

OBXECTIVOS DO PLAN

Cara o centro:

- Potenciar a Comisión TIC con recursos humanos e posibilidades horarias.

- Dotar as aulas de conexión de rede para o traballo educativo.
- Continuar coa normalización de procesos e aplicacións telemáticas como XadeWeb en procesos administrativos.
- Dotar á biblioteca de máis ordenadores de consulta e realizar un blogue de Biblioteca.
- Elaborar a páxina web en Drupal (Proxecto Webs Dinámicas) e convertila nun referente de comunicación coas familias e de recursos educativos multimedia de carácter curricular.
- Estudiar a contratación dunha empresa para realizar o mantemento dos equipos informáticos.

Cara o profesorado

- Proporcionar ao profesorado a formación necesaria, continúa e progresiva, no uso e aplicación das TIC no ámbito educativo
- Apoiar ao profesorado que propoña actividades ou proxectos educativos coas TIC.
- Diseñar nos departamentos accións para o aproveitamento das TIC nas distintas programacións.
- Estudiar a realización un PFAC (Proxecto de Centro) para formarse no uso educativo de Internet e os contidos multimedia.

Cara o alumnado

- Formar ao noso alumnado no uso responsable das TICs como fonte de información, de coñecemento e de autoaprendizaxe
- Implicalo alumnado no uso e coidado dos recursos do centro e do uso responsable dos mesmos.

Cara a comunidade educativa

- Elaborar talleres e propostas para fomentar a competencia dixital das familias para evitar a chamada “brecha dixital”.

ESTRUTURA ORGANIZATIVA PARA LEVALO A CABO

Están pensadas unha serie de accións para implementar o plan:

1. Creación dunha comisión TIC na que esten representados todos os departamentos e que servirá como núcleo para elaborar propostas educativas e formativas sobre as TIC.
2. Realizar un horario de uso para a Aula TIC a crear pola ANPA co obxecto de poder deseñar propostas educativas coas TIC.

3. Tentar de ir colocando encerados dixitais nas aulas para incentivar novas metodoloxías.

INFRAESTRUTURA E DOTACIÓNS TIC DO CENTRO.POSIBILIDADES E NECESIDADES

O IES Xilgueiro posee un aula TIC que se utiliza para as materias propias (Tecnoloxía, Informática) de ESO e Bacharelato con 25 equipos e unha pizarra interactiva multimedia. A Biblioteca ten 8 equipos de consulta. A sala de profesores ten dous ordenadores para consulta do profesorado que están un pouco antigos e teñen problemas constantes de conexión a Internet. Os equipos de administración e secretaría contan cos equipos necesarios para a realización das súas tarefas. Estase a negociar a dotación completa dunha aula TIC pola comunidade de montes para uso educativo do centro e das familias. Os departamentos contan cun equipo para a súa xestión pero tamén son antigos. Temos 5 portátiles que están pechados en secretaría e que estaban pensados para que o profesorado poidera utilizar nas súas clases pero non foi arriba a proposta por carecer de Internet en moitas delas.

ACTIVIDADES INICIAIS PARA PROMOVER O USO DAS TIC

Dende a nosa visión, as accións que hai que acometer son:

- Cablear as aulas con conexión de rede.
- Cambiar os equipos da sala de profesor.
- Realizar charlas para dar a coñecer os recursos dispoñibles e os seus posibles usos.
- Dinamizar a páxina web a través de webs dinámicas e crear un curso en Moodle para o profesorado sobre actividades posibles a realizar coas TIC presentes no centro.
- Consensuar cos departamentos unha selección de webs interesantes con contidos multimedia e promovelos no alumnado.
- Aproveitar os portátiles para crear carritos multimedia para que o profesorado poida utilizalo como recurso educativo.
- Elaborar un calendario de apoio da Comisión TIC ao profesorado que desexe realizar actividades co apoio das TIC.

TEMPORALIZACIÓN DO PLAN

A proposta é realizar todo estes cambios no período de dous cursos académicos (2011-2013) tentando de centrar o maior esforzo, sobre todo, en temas de conexión de rede e redistribución de equipos neste memo curso, marcando o prazo de dous anos para realizar unha integración axeitada e coherente das tecnoloxías na rutinas educativas. diarias de centro e nas didácticas dos departamentos.

AVALIACIÓN DO PLAN: medidas de revisión e avaliación do Plan e da súa posta en práctica

Para elaborar un plan realista temos marcados as seguintes estratexias avaliativas:

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA

- Realización dunha enquisa ao alumnado sobre as posibilidades e usos das ferramentas TIC no eido persoal e familiar.
- Realización dunha enquisa ao profesorado sobre a súa competencia TIC e sobre a súa disposición a integralas no seu repertorio didáctico.

AVALIACIÓN DA IMPLEMENTACIÓN DO PLAN:

- Referida a valorar a implicación dos departamentos na proposta.
- Referida a valorar a implicación do alumnado no proxecto.
- Referida a valorar a incidencia na mellora dos procesos educativos.
- Referida a valorar o modelo de proxecto.
- Referida a valorar o cambio metodolóxico e a introdución de novas estratexias de ensino.

Isto realizarase de xeito trimestral pola Comisión mediante observación directa, entrevistas cos xefes de departamentos e cuestionarios via web á comunidade educativa.

PROPOSTAS INICIAIS DENDE OS DEPARTAMENTOS

Falando cos xefes de departamentos, adxúntannos posibles accións futuras para ir incorporando as novas tecnoloxías as súas programacións:

Nota: estas propostas están sacadas de centros reais, que están a implementar proxectos TIC. A idea é valorar (a través da Técnica DAFO do módulo 1) se vós parecen axeitadas ou transferibles a outras realidades de centros, como poidera ser o voso.

DPTO DE MATEMÁTICAS

O profesorado do departamento de Matemáticas abordaremos o uso das TIC dende varios aspectos:

- Poñer os documentos telemáticos a disposición de todos os membros do Dpto.
no ordenador situado no Departamento.
- Presentacións de diversos temas do currículo en formato PowerPoint para facer máis atractivo a visualización dalgúns dos conceptos.
- Utilización de programas e páxinas Web na aula de Informática, onde os alumnos realizan traballos encomendados polo profesorado.
- Realización de pequenos traballos de investigación por parte do alumnado
- Utilización do correo electrónico para informar os alumnos da realización de algunha tarefas e devolución das mesmas, tamén, a través do correo electrónico.

Recursos

Presentamos algunha das formas en que facemos uso das TIC:

1º ESO e 2º ESO: Páxina web da Junta de Andalucía para exercicios de reforzo de cálculo

elemental:

Páxina web da Junta de Andalucía para xeometría,

3º ESO e 4º ESO: Usamos varias unidades didácticas do Cd-Rom

DESCARTES 3.0

1º BAC: Presentación en Powerpoint do cálculo das razóns trigonométricas para calquera ángulo, introdución o concepto de Derivada.

Uso do programa **WIRIS** seguindo os exercicios que aparecen no libro da Eds Casals.

2º BAC: MATCCSS-II Uso do programa Descartes para a unidade didáctica de Programación Lineal.

DPTO DE FILOSOFÍA

Este Departamento pretende o uso das novas tecnoloxías nos eidos seguintes:

A: Internet

- Obtención dos textos nas páxinas de filosofía editadas polas universidades e fundacións. No ámbito didáctico da Filosofía II.
- Información sobre noticias no ámbito da filosofía: libros, biografías, congresos. No ámbito da Filosofía I e II.
- Uso pautado de Internet coa finalidade de que os alumnos-as podan achegarse a unha conta na que consultaren textos e comentarios feitos polo profesor ou achegados por el para mellorar e axudar ao traballo dos alumnos-as.

B: vídeo

- Uso de películas en DVD para tematizar algunhas das unidades didácticas de Filosofía I e Ética e Filosofía do Dereito.

PROPOSTA DE TRABALLO NA BIBLIOTECA

Obradoiro tecnolóxico da Biblioteca

Contamos con renovar os ordenadores que tiñamos na biblioteca para que o alumnado poda buscar información para calquera das áreas do currículo,

tratar esa información e editar os traballos que queiran presentar. Estes ordenadores están en rede para poder imprimir traballos no servizo de fotocopiadoras do centro, tamén postas en rede para unha mellor xestión dos recursos do centro.

A biblioteca virtual

Estamos a elaborar unha biblioteca virtual de libros electrónicos. Para isto utilizamos os programas Microsoft Reader e Adobe Acrobat Reader, que nos permite consultar diferentes dicionarios electrónicos monolingües e bilingües e tamén poden crear libros electrónicos a partir de textos producidos por eles mesmos cun programa que transforma o documento de texto nun ebook. Podemos descargar e-books desde páxinas como www.cervantesvirtual.com, www.bibliotecasvirtuales.com, www.bugalicia.org, <http://books.google.es>, ou a biblioteca da Universidade de Virxinia <http://uvirginia.com>, etc. Tamén pretendemos poñer un funcionamento un servizo de dixitalización dos traballos dos nosos alumnos para usalos na web.